Documento distribuído por
culturagalega.org

# A Mª Victoria Moreno, in memoriam

Artigo de Fina Casalderrey en memoria de María Victoria.
Fonte: *Diario de Pontevedra* o 11 de febreiro de 2006

**Consello da Cultura Galega**
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

www.di

**[ACARTA]** O Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra homenaxea hoxe á recén desaparecida María Victoria Moreno. Ela non acode por primeira vez a este salón, no que coincidía con Fina Casalderrey. A súa colega e sobre todo amiga réndelle desde aquí unha homenaxe, á que, por suposto, tamén se suma Diario de Pontevedra

# A Mª Victoria Moreno, in memoriam

**Fina Casalderrey**
ESCRITORA



"Ti, fío de seda,
fúcheste meter no tecido"

(Rilke. "Sonetos a Orfeu")

Mª victoria, calochí:

Dende o 22 de novembro non sei nada de ti, quizais por iso hoxe son talmente ese mariñeiro que sae ao mar despois dun naufraxio e aínda sente caer de golpe todo o azul sobre o seu corpo, ese salouco... Dende novembro...! Ben sei que che gustan as mazás mornas do outono, deleitarte nas fragrancias silvestres, onde se dan os marmelos perfumados e os salgueiros máis vizosos, onde as hedras e as violetas ruben polas vellas árbores, embeberte no canto dun xílgaro ou extasiarte co mar durmindo aos teus pés.

O teu nº de teléfono permanece na miña memoria, mais intúo que segues de viaxe, ou que mesmo te instalaches nunha nova mansión entre froiteiras e xardíns, roseiras e rododendros. Ti, esa camelia coidadosamente seleccionada polas fadas para resistir por riba de nós, esa fervenza que se volve regato e serpea vagariño dende a mina ao mar, para transformarse de novo en fervenza entre os rochedos.

Ben sei da túa ética e estética, do teu lirismo auténtico como auga de manancial, do teu firme carácter, do teu compromiso... Ben sei que a túa voz de bronce non hai quen a estrangule porque é grande o teu testamento: ti aprendíchesnos, a diferentes xeracións de mestres e mestras, a sentir o respirar dun verdadeiro poema e mesmo nos levaches á horta do cura de Corvillón a comer mazás con Cabanillas. Ti, que nos recitabas a Alberti, a Neruda, a Rosalía, a Manuel Antonio... por onde andas, amiga? Estarás a poñerlle voz aos paxaros e ás estrelas alá onde pisan os corceis tan misteriosamente? Ou quizais danzas en augas limpas conversando coas fontes onde beben as tebras, na compaña dos teus admirados profesores Rafael Lapesa, Dámaso Alonso... evocando nomes?




Intúo que, coma o poeta, dormes xa sobre as augas para non espertar xamais, convertida en luz, co bico da morte cravado na fronte; e lémbroche que aínda non me ensinaches a lear un cigarro como Deus manda! Parecía tan fácil cando cho vía facer! Viñamos na túa flamante "Teresita", ti conducías e pedíchesme que che fixese un pito. O resultado foi unha noxenta papa de saliva e tabaco que houbeches de rexeitar. Moito rimos despois, mentres mollabamos rosquillas das festas en cadansúa cunca de viño tinto e me mostrabas unha antiga crítica demoledora de "Anagnórise" que fixera un visionario que non deu unha no cravo ao referirse a este xa clásico da LIX.

A "pupa cabrona" apreixoute, a ti que nunca quixeches apreixar nada.

En fin, non quero despedirme sen dicirche que xusto hoxe é a clausura do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, dedicado, como sabes, á Natureza, aos Libros e a Ti!! Non, isto non te incomodaría, non ten nada que ver con esas pompas que rexeitabas. Foi todo tan entrañable! Os nenos e nenas, eses seres que tanto te preocuparon e ocuparon, fixéronche unha exquisita declaración de amor (con sabor á túa bica) no día da apertura, semellaban cotovías, malvís e merlos; abellas e avésporas interpretando sinfonías para ti. E diante do teu barco-escola puxeron aquela fotografía do pasaporte (retido un tempo por amares a Galicia) na que tan guapa estás.

E hoxe, ás 12 da mañá, na estraña paz das cicatrices, ese mozo que ti dis "tocado polas fadas" vai volver falar de ti mentres Begoña, Pedro, os "Titos"... e centos de amigos e amigas emocionarémonos.

Ben sei, pillabana, que dalgún xeito has estar alí, ergueita coma esas canas indias polas que ruben ao ceo algúns deuses; especialmente feliz co teu sombreiro máis coqueto, por que ti tamén sabes gardar as formas; ti, que te fuches metendo paseniño no noso tecido.

Bicos de delicioso "pan con chocolate".■